

#1

Javier Urra

Venres 15 de marzo ás 20:00

Del niño consentido al
adolescente agresivo

Catherine L'Ecuyer

#2

Venres 5 de abril ás 20:00

Educar en el asombro

#3

I Encontro de
familia do Salnés
Gapefa e Lingoreta


Sábado 1 de xuño de 10 a 14 e de 16 a 20

A infancia: crianza e educación

Lugar de celebración:

Pazo Emilio Pardo Bazán

Sevizo de Ludoteca previa inscrición




CFR
PONTEVEDRA



CONCELLO DE
SANXENXO



**A familia como motor de cambio.
Educar no esforzo e na responsabilidade.**



Javier Urrea Portillo, psicólogo español nacido en Estella en 1957, especialista en Psicología Clínica e Pedagogo Terapeuta.

Desempeñou labores de psicólogo forense na Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza e nos Xulgados de Menores de Madrid desde 1985.

Foi Defensor do Menor na Comunidade de Madrid (1996-2001), Presidente da Asociación Iberoamericana de Psicología Xurídica, Presidente de la Red Europea de Defensores del Menor e profesor de Ética e Deontología no Centro Universitario Cardenal Cisneros, dependente da Universidade Complutense de Madrid.

Coñecido polas súas intervencións en radio e televisión, publicou centos de artigos sobre psicología forense e sobre a infancia en diversos medios, así como varios libros de ensaio entre os que destaca o exitoso El Pequeño Dictador. Cuando los padres son las víctimas (2006).

Foi recoñecido con diversos premios, tanto pola súa labor en Psicología como, especialmente, pola súa implicación no mundo do menor máis desprotexido. Representou a España en foros como o Parlamento Europeo ou as Nacións Unidas, e foi chamado a participar como "experto" polo Congreso dos Deputados e polo Senado español.

Catherine L'Ecuyer é canadense, afincada en Barcelona e nai de 4 fillos. É máster por IESE Business School e máster Europeo Oficial de Investigación.

A revista suíza Frontiers in Human Neuroscience publicou o artigo, The Wonder Approach To Learning, que converte a súa tese nunha nova hipótese/teoría da aprendizaxe.

En 2015, recibiu o Premio Pajarita de la Asociación Española de Fabricantes de Juguetes por promover a cultura do xogo nos medios de comunicación.

Foi invitada como ponente ante a Comisión de Educación do Congreso dos Deputados de España, asesorou ao Gobierno del Estado de Puebla en México para unha reforma da educación infantil e formou parte dun grupo de traballo para o Gobierno de España sobre o uso das tecnoloxías entre menores.

É investigadora e autora de varios libros e artigos sobre o tema da educación, entre eles Educar en el asombro (24a edición), publicado en oito idiomas, considerado segundo a revista Magisterio, "bestseller educativo de los últimos años". Tamén publicou Educar en la realidad (8a edición), sobre o uso das novas tecnoloxías na infancia e na adolescencia. O seu blog leva máis dun millón de visitas e a súa contribución ao proxecto educativo "Aprendemos Juntos" (BBVA-El País) recibiu máis de 10 millóns de visitas en redes e gañou o Google YouTube Ads Leaderboard, por ser o terceiro video publicitario máis visto e compartido en YouTube. Colabora actualmente co grupo de investigación Mente-Cerebro da Universidade de Navarra e é articulista para El País.



GAPEFA. Gabinete de apoio persoal e familiar



LINGORETA. Intervención grupal en habilidades sociais e desenvolvemento persoal. Apoio e asesoramento a familias e centros educativos.